

Agora non podemos parar.

PSG
PSOE



Vota Touriño.
O Presidente.

Falamos de...
calidade
democrática



Falamos de calidade democrática

Dereitos e cidadanía: consolidando a aposta por unha democracia avanzada

A primeira etapa do cambio

- A historia das sociedades queda reflectida na historia dos dereitos recoñecidos para os seus membros. O Partido Socialista ten contribuído á **defensa dos dereitos e as liberdades para todas as persoas**, promovendo a súa accesibilidade universal e abandeirando a loita pola **igualdade, a dignidade, a liberdade e a xustiza social**.
- **O Presidente da Xunta sométese agora ao control dos Grupos Parlamentarios en todos os Plenos**. O Presidente Touriño compareceu 12 veces e respondeu a 172 preguntas, fronte a 2 comparecencias e 51 preguntas contestadas do seu antecesor en todo o período 1990-2005.
- **Esta VII lexislatura, con 53 leis tramitadas e aprobadas, 13 máis que na última lexislatura do PP, foi a de maior produción lexislativa da nosa historia democrática**.
- **O Goberno respondeu na pasada lexislatura a máis de 13.000 preguntas parlamentarias**, duplicando en 4 anos a media do PP cando gobernaba. E tramitamos case o triplo de solicitudes de información que na lexislatura anterior: 639 a 231.
- **Aprobamos a Lei de Transparencia e Boas Prácticas na Administración**. Grazas a ela, calquera cidadán, dende a web da Xunta, pode acceder aos proxectos normativos que se están abordando e participar no proceso coas súas suxestións; comprobar os convenios e os contratos que asina a Administración; ver e xulgar as retribucións dos membros do Goberno galego e o seu persoal; e analizar as Declaracións de Actividades e Intereses de todos os altos cargos nomeados por Decreto.
- **Aprobamos a Lei de Subvencións**, asegurando a xestión transparente e obxectiva das axudas públicas, fortalecendo as obrigas de publicidade e reforzando o control sobre as concesións.
- **Aprobamos o Proxecto de Lei de Publicidade Institucional no Consello da Xunta**, para impedir a celebración de actos de propaganda, pagados con fondos públicos e con fins electoralistas, dende que as eleccións se convoquen ata a data da súa celebración; e se prohíbe a publicidade institucional co obxectivo de resaltar os obxectivos acadados polas Administracións Públicas e/ou os seus entes dependentes.

Dálle máis forza.



Vota Touriño.
O Presidente.



- **Creamos o Rexistro Autonómico de Parellas de Feito**, un instrumento administrativo fundamental para ampliar e afondar nos dereitos civís da cidadanía e mellorar as condicións da convivencia de moitas familias de Galicia.
- **Modernizamos os medios de comunicación públicos de Galicia**, introducindo as bases éticas e tecnolóxicas que farán posible, na próxima lexislatura, mellorar e fortalecer o seu servizo a toda a cidadanía.
- **Aprobamos a Lei de Participación Institucional das organización sindicais e empresariais máis representativas de Galicia**. Neste texto recoñécese a importancia destas organizacións como interlocutores válidos e axentes sociais imprescindibles para o desenvolvemento de Galicia.

A segunda etapa do cambio

- Aprobaremos un novo **Regulamento do Parlamento de Galicia**, máis acorde cunha sociedade madura do século XXI.
- Aprobaremos a **Carta de Dereitos Cívicos**.
- Fomentaremos a **implicación con todos os movementos sociais**, buscando unha complicidade entre a política e a cidadanía, **avanzando na consolidación dos valores imprescindibles dunha sociedade libre e democrática**.
- **Garantiremos a participación e representación política** dos galegos e galegas que viven no exterior **en condicións de igualdade cos que viven no territorio galego**.
- Estudaremos o establecemento do **debate electoral entre os candidatos por lei**, para que nunca máis a cidadanía quede sen o **dereito a valorar as propostas das distintas opcións políticas nun debate**.
- **Defenderemos o exercicio do dereito efectivo ao voto dos emigrantes galegos**, en urna e por correo, en condicións similares de seguridade xurídica e política que as existentes en Galicia.
- Aprobaremos unha nova **Lei de Medios Audiovisuais Públicos de Galicia**.
- Propomos a **reforma da Compañía de Radio Televisión de Galicia**, para reforzar o seu papel de servizo público e na promoción da lingua e a cultura galegas.

Dálle máis forza.



Vota Touriño.
O Presidente.



